

## Contas económicas trimestrais. Primeiro trimestre de 2009


### NOTA DE PRENSA

## A economía galega rexistra un crecemento do -2,1% no primeiro trimestre de 2009

O Produto interior bruto (PIB) xerado pola economía galega no primeiro trimestre de 2009 rexistrou un crecemento do -2,1% con respecto ao mesmo período do ano anterior, medido en termos de índices de volume e con datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Este crecemento é inferior en 2,4 puntos ao rexistrado no trimestre anterior.

O crecemento interanual do PIB galego supera en 0,8 puntos ao dato avance difundido polo INE de crecemento economía española (-2,9%).


O crecemento intertrimestral sitúase no -1,9%, 1,5 puntos menos que no trimestre anterior.



Fonte: IGE, INE, EUROSTAT

## Demanda

No primeiro trimestre de 2009, a demanda en termos nacionais contribúe máis negativamente ao crecemento do PIB que no trimestre anterior, dos -1,9 puntos pasa a -3,9 puntos. A contribución do sector exterior é de 1,8 puntos, catro décimas menos que no trimestre anterior.



Fonte: IGE. Contas económicas trimestrais

## Demanda. Índices de volume. Referencia ano 2000=100

*Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Taxas de variación interanual (%)*

Operacións	2007	2008	2008				2009
			Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I
Gasto en consumo final	4,0	2,1	3,0	2,2	1,6	1,6	0,8
-Gasto en consumo final dos fogares	4,0	1,2	2,7	1,4	0,5	0,4	-0,4
-Gasto en consumo final das AAPP e ISFLSF	4,1	5,2	4,2	5,3	5,6	5,7	5,2
Formación bruta de capital	5,8	-2,1	2,5	1,0	-3,6	-8,2	-11,9
Demanda en termos nacionais <sup>(1)</sup>	5,3	0,8	3,3	2,1	-0,1	-1,9	-3,9
Exportacións de bens e servizos	6,4	-0,5	1,0	2,6	1,4	-6,9	-12,8
Importacións de bens e servizos	6,9	-1,6	0,9	1,7	-0,9	-8,2	-12,3
<b>PRODUTO INTERIOR BRUTO a prezos de mercado</b>	<b>4,0</b>	<b>1,8</b>	<b>3,2</b>	<b>2,4</b>	<b>1,5</b>	<b>0,3</b>	<b>-2,1</b>

Fonte: IGE. Contas económicas trimestrais

<sup>(1)</sup> Achega ao crecemento do PIB pm.

O gasto en consumo final dos fogares decrece un 0,4% no primeiro trimestre de 2009, oito décimas inferior ao crecemento que experimentou no trimestre anterior. Este resultado é consecuencia da evolución dos principais indicadores deste agregado, que presentan menores crecementos neste trimestre que no anterior (nivel de emprego da economía, índice de vendas de comercio polo miúdo ...). No mesmo período, o gasto en consumo final das Administracións

Públicas e Institucións sen fins de lucro presenta unha taxa de crecemento do 5,2%, cinco décimas menos que no trimestre anterior.

A formación bruta de capital reduce a súa taxa de crecemento neste trimestre, desde o -8,2% ata o -11,9%. Esta evolución é resultado da contracción do sector da construción e do investimento en bens de equipo, xa que tanto a produción industrial como as importacións deste tipo de bens presentan taxas de crecemento inferiores ao trimestre anterior. Non obstante, a matriculación de vehículos de carga presentan un crecemento interanual menos negativo que no trimestre anterior.

Como xa se comentou anteriormente, no primeiro trimestre de 2009 a achega da demanda externa neta é inferior en catro décimas á do trimestre anterior. As exportacións reducen a súa taxa de crecemento neste trimestre, desde o -6,9% ata o -12,8%. A contracción da demanda no resto de España e nos principais países aos que van destinados os nosos produtos explican este descenso. Pola súa parte, as importacións descenderon un 12,3%, o que supón un retroceso de 4,1 puntos sobre o crecemento do trimestre precedente.

## Oferta

Dende a perspectiva da oferta, no primeiro trimestre de 2009, presentan caídas as ramas industriais e a construción, as restantes manteñen crecementos positivos.

### Oferta. Índices de volume. Referencia ano 2000=100

*Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Taxas de variación interanual (%)*

Operacións	2007	2008	2008				2009
			Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I
Ramas agraria e pesqueira	2,3	-1,1	1,9	-2,7	0,6	-3,9	1,0
Ramas enerxéticas	1,8	-2,1	-6,0	-1,3	1,0	-1,9	1,9
Ramas industriais	4,3	-1,6	1,7	1,6	-1,6	-8,0	-15,1
Construción	4,3	-0,3	3,4	1,2	-1,5	-3,9	-4,5
Ramas dos servizos	4,2	3,8	4,4	4,1	3,5	3,3	2,8
- Servizos de mercado	4,3	3,4	4,1	3,8	3,2	2,8	1,4
- Servizos non de mercado	4,0	5,1	5,8	5,3	4,4	5,1	5,4
Impostos netos sobre os produtos	3,4	0,7	4,9	2,1	-4,6	0,9	-2,7
<b>PRODUTO INTERIOR BRUTO a prezos de mercado</b>	<b>4,0</b>	<b>1,8</b>	<b>3,2</b>	<b>2,4</b>	<b>1,5</b>	<b>0,3</b>	<b>-2,1</b>

Fonte: IGE. Contas económicas trimestrais

As ramas agraria e pesqueira creceron un 1,0%, en liña cos indicadores de actividade dispoñibles que indican crecementos interanuais. No caso das ramas industriais acádase unha taxa de variación interanual inferior á do trimestre anterior, en sintonía coa evolución do índice de produción industrial, presentando un rexistro do -15,1%. As ramas enerxéticas rexistran un crecemento do 1,9%, 3,8 puntos por enriba do crecemento do trimestre anterior.

O sector da construción presenta unha taxa de crecemento do -4,5%, seis décimas inferior ao crecemento rexistrado no trimestre anterior, debido basicamente á desaceleración da edificación, tanto a residencial como a non residencial.

Por último, neste trimestre o sector dos servizos presenta un crecemento do 2,8%, cinco décimas inferior ao crecemento do trimestre precedente. Os servizos de mercado acadan un crecemento inferior en 1,4 puntos ao rexistrado no cuarto trimestre de 2008, quedando situada a taxa no 1,4%. Os servizos non de mercado creceron un 5,4%, tres décimas máis que no trimestre precedente.

## Emprego

O emprego, medido en termos de postos de traballo equivalentes a tempo completo, decreceu no primeiro trimestre deste ano un 2,8%, o que supuxo a destrución de 32.264 postos de traballo equivalentes nun ano.

### Emprego por ramas de actividade

#### Postos de traballo equivalentes a tempo completo

*Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Taxas de variación interanual (%)*

	2007	2008	2008				2009
			Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I
Ramas agraria e pesqueira	-3,0	-3,8	-3,2	-6,7	-3,0	-2,2	-4,8
Ramas enerxéticas	-6,2	-1,8	-3,2	-1,7	-0,9	-1,4	-4,6
Ramas industriais	2,8	-0,9	1,3	0,1	-1,4	-3,5	-8,3
Construción	3,8	-5,6	-1,2	-3,5	-6,9	-10,9	-12,0
Ramas dos servizos	3,6	2,5	2,8	3,6	2,8	1,0	0,7
- Servizos de mercado	3,8	2,8	3,0	3,9	3,3	0,9	-0,7
- Servizos non de mercado	3,1	2,0	2,4	2,8	1,8	1,1	3,8
<b>TOTAL POSTOS DE TRABALLO EQUIVALENTES A TEMPO COMPLETO</b>	<b>2,8</b>	<b>0,4</b>	<b>1,5</b>	<b>1,2</b>	<b>0,4</b>	<b>-1,6</b>	<b>-2,8</b>

Fonte: IGE. Contabilidade trimestral

Atendendo ás ramas de actividade, un trimestre máis son os servizos os que presentan un mellor comportamento, acadan un crecemento do 0,7%. Os servizos de mercado minoran o seu crecemento en 1,6 puntos, pasando a taxas negativas, e os non de mercado experimentan un crecemento interanual do 3,8%, 2,7 puntos superior ao crecemento do trimestre anterior.

As ramas agraria e pesqueira acadan taxas interanuais do -4,8% neste primeiro trimestre do ano, a construción presenta un decrecemento do 12,0%, 1,1 puntos menos que no trimestre anterior e as ramas industriais minoran 4,8 puntos porcentuais a súa taxa de crecemento quedando esta situada no -8,3%.

Distinguindo por situación profesional, o emprego asalariado, en termos de postos de traballo equivalentes a tempo completo, amosou no primeiro trimestre de 2009 unha taxa de variación interanual do -3,1%, dato que supón a diminución de 29.409 postos de traballo asalariados a tempo completo nun ano.

## Emprego por ramas de actividade

### Postos de traballo equivalentes a tempo completo asalariados

*Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Taxas de variación interanual (%)*

	2007	2008	2008				2009
			Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I
Ramas agraria e pesqueira	-1,6	-2,8	-4,4	-4,7	-1,0	-0,8	1,9
Ramas enerxéticas	-6,1	-1,9	-3,3	-1,8	-1,1	-1,6	-2,8
Ramas industriais	3,0	-1,6	1,1	-0,4	-2,3	-5,0	-9,1
Construción	4,0	-6,0	-1,4	-3,6	-7,2	-11,7	-13,9
Ramas dos servizos	3,5	2,8	3,2	3,7	2,9	1,4	0,5
- Servizos de mercado	3,7	3,3	3,6	4,2	3,5	1,6	-1,4
- Servizos non de mercado	3,1	2,0	2,4	2,8	1,8	1,1	3,8
<b>POSTOS DE TRABALLO EQUIVALENTES A TEMPO COMPLETO ASALARIADO</b>	<b>3,2</b>	<b>0,6</b>	<b>1,8</b>	<b>1,6</b>	<b>0,4</b>	<b>-1,6</b>	<b>-3,1</b>

Fonte: IGE. Contas económicas trimestrais

Considerando de forma conxunta o crecemento do PIB trimestral e o do emprego, a variación interanual da produtividade aparente do factor traballo sitúase neste primeiro trimestre do ano no 0,7%.

### Prezos correntes

O PIB valorado a prezos correntes presenta no primeiro trimestre de 2009 un crecemento interanual do -0,5%, o que implica un crecemento do deflactor implícito do 1,7%, cinco décimas inferior ao do trimestre anterior.

## Contabilidade trimestral. Base 2000

### Produto Interior Bruto trimestral e os seus compoñentes. Prezos correntes

*Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Taxas de variación anual e interanual (%)*

Operacións	2007	2008	2008				2009
			Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I
Gasto en consumo final	7,1	6,1	7,8	6,6	5,8	4,3	3,2
-Gasto en consumo final dos fogares	7,0	5,3	7,7	5,8	4,9	2,8	2,1
-Gasto en consumo final das AAPP e ISFLSF	7,2	9,0	8,1	9,2	9,4	9,3	7,4
Formación bruta de capital	10,5	2,3	8,6	4,9	1,2	-4,9	-9,2
Demanda en termos nacionais <sup>(1)</sup>	9,1	5,4	9,3	7,0	5,0	1,5	-1,0
Exportacións de bens e servizos	11,5	2,2	5,0	5,6	2,7	-4,2	-16,0
Importacións de bens e servizos	12,2	3,0	7,4	6,4	3,2	-4,6	-13,2
<b>PRODUTO INTERIOR BRUTO a prezos de mercado</b>	<b>7,2</b>	<b>4,7</b>	<b>6,6</b>	<b>5,5</b>	<b>4,2</b>	<b>2,5</b>	<b>-0,5</b>
Ramas agraria e pesqueira	6,1	1,7	10,8	0,7	-1,5	-2,1	-2,2
Ramas enerxéticas	5,0	8,5	1,7	9,2	11,0	11,9	13,1
Ramas industriais	7,8	3,1	6,4	6,9	3,1	-3,8	-12,1
Construción	9,6	3,9	9,6	5,8	2,2	-1,4	-3,0
Ramas dos servizos	7,4	8,3	9,1	9,0	8,2	7,0	4,4
- Servizos de mercado	7,2	8,1	9,0	9,0	8,3	6,2	3,5
- Servizos non de mercado	7,9	8,9	9,3	9,0	7,6	9,6	7,6
Impostos netos sobre os produtos	3,2	-12,0	-9,2	-14,5	-13,4	-10,7	-13,2

Fonte: IGE. Contas económicas trimestrais

<sup>(1)</sup> Achega ao crecemento do PIB pm.



---

**Para máis información:**

**Instituto Galego de Estatística**  
**Complexo Administrativo San Lázaro s/n**  
**15703 Santiago de Compostela (A Coruña)**  
**Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.isp?>**  
**Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)**  
**FAX: 981.54.13.23**  
**Notas de prensa en : <http://www.ige.eu>**